

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (código de procedemento PL500E).

A Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, desenvolve accións para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. As competencias nesta materia correspóndenlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo co disposto no Decreto 130/2020, do 7 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; que está adscrita á antedita consellería segundo o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Así mesmo, o 21 de setembro de 2004, aprobouse no Parlamento de Galicia, por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, o Plan xeral de normalización da lingua galega, desenvolvido, no seu momento, por instancia da antiga Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No dito plan recoméndanse unha serie de medidas de actuación segundo o sector social implicado. No que se refire á proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no plan é o de «consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico».

No sentido apuntado, e a través de convenios de colaboración subscritos con universidades de fóra de Galicia interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino de lingua, literatura e cultura galegas, créanse os centros de estudos galegos, como órganos de referencia nestas universidades, a través dos que se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico senón tamén na súa área de influencia.

Son precisamente estes centros o instrumento idóneo para promover unha formación eminentemente práctica entre os titulados universitarios que cumpran os requisitos de participación exixidos nesta convocatoria. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro dos seus programas de formación relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas, dirixidos a unha ampla gama de destinatarios, ofrécelle a este colectivo a posibilidade de se incorporar aos centros de estudos galegos, co fin de completar a súa formación e de se situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción no mundo laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas desde a Secretaría



Xeral de Política Lingüística en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua, literatura e cultura galegas e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgrao nas universidades de destino.

En consecuencia, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade, de 8 bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (PL500E) nos centros de estudos galegos localizados nas universidades que se relacionan na táboa seguinte:

Destino	Localidade	País	Inicio	Remate
Universitat de Barcelona (España)	Barcelona	España	1.12.2020	30.9.2023
Universidade de Estremadura	Estremadura	España	1.12.2020	30.9.2023
Universidade de Granada	Granada	España	1.12.2020	30.9.2023
Universidade Nova de Lisboa	Lisboa	Portugal	01.02.2021	30.9.2023
Universidade Complutense de Madrid	Madrid	España	1.12.2020	30.9.2023
Università degli Studi di Padova	Padua	Italia	1.12.2020	30.9.2023
Universidade do Estado do Río de Janeiro	Río de Janeiro	Brasil	1.1.2021	31.12.2023
Universidade de São Paulo	São Paulo	Brasil	1.1.2021	31.12.2023

Artigo 2. *Duración*

O programa de formación das persoas seleccionadas terá unha duración máxima de 3 anos.

Artigo 3. *Contía e libramento das bolsas*

1. O importe íntegro mensual das bolsas obxecto desta convocatoria é o seguinte:

1.123,96 €, para aqueles lectorados localizados en universidades españolas.

1.277,12 €, para aqueles lectorados localizados en universidades estranxeiras.

2. Neste importe considéranse incluídos todos os conceptos; é dicir, os beneficiarios asumirán, con cargo á bolsa adxudicada, os gastos de tipo profesional ou persoal que se



poidan derivar da súa condición, tales como: impostos, cotizacións á Seguridade Social, gastos de locomoción, manutención e residencia, custos de matrícula e gastos de inscrición en actividades formativas, trámites burocráticos, etc.

3. As persoas adxudicatarias percibirán o importe da súa bolsa mediante liquidacións mensuais, logo de certificación da persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística que acredite que cumpriu, no período indicado, coas actividades estipuladas no artigo 5.

4. Estas persoas, de acordo co establecido no seu artigo 1, están incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social e quedan asimilados a traballadores por conta allea, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 4. *Orzamento*

As axudas correspondentes financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.40.151A.480.2 (bolsas lectores) e 11.40.151A.484.0 (cota patronal da Seguridade Social), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por unha contía máxima total de 342.365,46 €. Non obstante, esta contía poderá ser incrementada cando a cotización patronal á Seguridade Social, en virtude do regulado ao respecto na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, sexa actualizada á alza.

As contías e as anualidades, segundo as aplicacións orzamentarias, detállanse na seguinte táboa:

Aplicacións orzamentarias	Anualidades				
	2020	2021	2022	2023	Totais
11.40.151A.480.2	5.772,96	113.974,72	115.251,84	94.101,60	329.101,12 €
11.40.151A.484.0	242,05	4.598,95	4.647,36	3.775,98	13.264,34 €
Totais	6.015,01	118.573,67	119.899,20	97.877,58	342.365,46 €

Artigo 5. *Programa de formación*

1. O programa de formación, que terá un marcado carácter práctico, estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e a organización de tarefas, a



investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades, no marco do convenio asinado coas universidades de destino, baixo a dirección da persoa responsable do centro de estudos galegos e en permanente coordinación con esta.

As ditas actividades non se limitarán ao ámbito académico universitario senón que tamén abranguerán a súa área de influencia.

2. Á marxe do anterior, e para complementar as accións formativas, a Secretaría Xeral de Política Lingüística deseñará actividades de formación específicas para o colectivo de lectores.

Artigo 6. *Requisitos*

1. Poderán participar nesta convocatoria as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

– Estar en posesión da nacionalidade española ou de calquera dos países membros da Unión Europea.

– Non padecer enfermidade ou limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desenvolvemento das actividades obxecto desta convocatoria.

– Non superar os 35 anos de idade na data de remate da presentación de solicitudes.

– Non atoparse incluídas en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Titulación académica:

Poderá solicitar calquera das prazas ofertadas quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

• Licenciatura en Filoloxía Galega.

• Licenciatura en Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego.

• Grao en Lingua e Literatura Galegas.



- Grao en Estudos de Galego e Español.
 - Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.
 - Licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país no que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.
 - Grao en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 30 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país no que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.
2. Tamén poderán participar os lectores ou lectoras que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar na súa condición por causas alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derivase da resolución dun procedemento de tipo disciplinario.
3. Quedan excluídas aquelas persoas que sexan lectores ou lectoras de lingua, literatura e cultura galegas, ou que o fosen no seu momento, agás nos supostos de cobertura provisional previstos no artigo 19.

Artigo 7. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado recollido como anexo I nesta orde. O formulario da solicitude estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no enderezo <http://www.lingua.gal/portada>.
2. As persoas interesadas poderán solicitar, como máximo, 3 destinos que deberán relacionar no anexo I por orde de preferencia.
3. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. As persoas interesadas só poderán optar por unha das vías de presentación.

5. Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, notificaráselle á persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días, emende os erros ou acompañe os documentos preceptivos. Unha vez que transcorra o dito prazo sen que se produza a emenda, considerase que desiste da súa petición.

6. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e o establecido para a súa emenda, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no seu taboleiro de anuncios as listaxes provisionais de admitidos, excluídos, con indicación da causa que orixina esta situación, e desistidos.

Á vista das listaxes anteriores, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco (5) días para presentar reclamación.

Artigo 8. *Notificación electrónica*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Prazo de presentación*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento e forma de presentación da documentación*

1. Para a valoración dos seus méritos, conforme o establecido no anexo II, os candidatos achegarán a seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da súa identidade (no caso de solicitantes estranxeiros).
- b) Currículo, no que deben figurar todos os méritos alegados.
- c) Xustificantes dos méritos alegados no currículo (na mesma orde na que aparezan relacionados neste).
- d) Para cada destino solicitado, proxecto didáctico de docencia en prácticas aplicable á universidade solicitada, que incluírá como primeira epígrafe a explicación dos motivos da súa solicitude.



A extensión do proxecto didáctico non deberá superar as 25 páxinas, mecanografadas cun interliñado de espazo e medio, tipo de letra non superior a 14 puntos e presentadas en formato A4.

e) No caso de titulacións universitarias expedidas por universidades fóra de España, copia da titulación universitaria exixida no artigo 6 ou da acreditación de que foi solicitada.

f) En relación coa titulación exixida (nacionais ou estranxeiros), orixinal ou copia compulsada da certificación académica persoal, na cal debe constar a nota media do expediente académico, calculada en función do disposto na resolución da Secretaría Xeral Técnica, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de setembro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 188, do 30 de setembro).

2. Os méritos alegados no currículo xustificaranse mediante documento orixinal ou copia compulsada, se se utiliza a vía presencial, e da forma indicada para a documentación complementaria, no suposto de presentación electrónica. Os xustificantes disporanse a continuación do currículo, na mesma orde en que aparezan relacionados neste.

Non se valorará ningún mérito que non conste explicitamente no currículo ou que, no caso de figurar, non se xustifique adecuadamente ou se faga fóra do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de publicacións, xustificaranse mediante copia simple da obra, á cal se engadirán, se é o caso, a capa, a contracapa, a folla que conteña o ISBN, ISSN ou depósito legal e o índice. No caso de publicacións extensas, recoméndase a entrega de orixinais, que se devolverán unha vez que se resolva a convocatoria.

Os xustificantes dos méritos redactados nun idioma distinto aos oficiais en Galicia, para seren valorados, deberán acompañarse dunha tradución a algún destes, e incluírán ao pé unha declaración responsable asinada cunha lenda que faga constar que se trata dunha tradución fiel do documento orixinal.

3. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumírase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



4. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

7. Na presentación da documentación gardarase a seguinte orde: solicitude, documento acreditativo da identidade (de ser o caso), titulación académica, certificación académica persoal, currículo, xustificantes dos méritos alegados neste (na mesma orde en que aparecen relacionados nel) e proxecto(s) didáctico(s).

A documentación anterior que se presente de forma non electrónica, achegarase sen ningún tipo de encadernación que dificulte ou impida a súa manipulación.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.



b) Título/s universitario/s (no caso de titulacións expedidas por universidades españolas).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Órgano instructor*

1. A instrución do procedemento para a concesión das 8 bolsas de formación nos lectrados de lingua, literatura e cultura galegas correspóndelle á Subdirección Xeral de Política Lingüística.

Artigo 14. *Comisión de Valoración*

1. Os méritos alegados polas persoas solicitantes serán valorados por unha comisión integrada polos seguintes membros:

a) O/A titular da Subdirección Xeral de Política Lingüística, que terá a Presidencia.

b) O/A titular da Xefatura do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua.

c) O/A titular da Xefatura da Sección de Habilitación.

d) Por parte das universidades, os/as responsables dos centros de estudos galegos. Se a súa presenza non fose posible, notificaranllo á Secretaría Xeral de Política Lingüística, podendo delegar a súa representación. Ambas as circunstancias deben comunicarse por escrito.

e) Un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará de secretario/a, con voz pero sen voto.

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



A ausencia dalgún dos membros da Administración será cuberta por algún dos seguintes suplentes:

a) O/A titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, que exercerá a Presidencia da Comisión ante a ausencia do/da seu/súa titular.

b) O/A titular da Xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

c) O/A titular da Xefatura da Sección de Validación de Estudos.

2. A Comisión de Valoración poderá acordar a incorporación ás súas reunións de persoal de carácter técnico que contribúa a unha correcta valoración dos méritos alegados polos aspirantes ou a aclarar as dúbidas que lles poidan xurdir aos membros da dita comisión. Este persoal actuará con voz pero sen voto nas reunións da citada comisión.

Artigo 15. *Valoración de méritos*

1. A Comisión reunirse para valorar os méritos debidamente acreditados, de cada unha das solicitudes admitidas, de acordo cos criterios que se indican no anexo II desta orde.

2. Cando o número de solicitudes admitidas para un mesmo destino supere a contía de 12, limitarase o acceso á fase de exposición e defensa do proxecto didáctico aos 12 candidatos que acaden as maiores puntuacións nos méritos 1 a 4 do anexo II.

En calquera caso, non accederán á fase anterior aqueles candidatos que non presentasen o proxecto didáctico en prazo.

3. A Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web institucional e comunicaralles aos solicitantes, a través do correo electrónico facilitado, a relación dos candidatos seleccionados para a fase de exposición e defensa do proxecto didáctico, así como o lugar, a data e a hora de realización.

4. Será causa específica de desistencia non presentarse á exposición e defensa do proxecto didáctico.

5. Rematada a valoración de méritos, a Comisión remitiralle á persoa titular do órgano instructor do procedemento a acta da reunión. Esta acta recollerá, ordenados de maior a menor puntuación total e por cada destino solicitado, a relación de candidatos valorados,

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



con expresión detallada das puntuacións obtidas en cada punto, e as incidencias que puidesen influír na resolución desta convocatoria.

6. En caso de empate, a orde virá dada pola puntuación total obtida en cada punto do anexo II conforme a orde establecida no dito anexo.

Artigo 16. *Proposta de resolución*

1. O órgano instrutor, tendo en conta a acta da Comisión de Valoración e o expediente de cada unha das solicitudes presentadas, formulará unha proposta de resolución provisional baseada nas maiores puntuacións obtidas.

A adxudicación non poderá recaer sobre candidatos/as cunha valoración total inferior a 5 puntos.

2. Esta proposta de resolución provisional exporase a información pública, na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no seu taboleiro de anuncios, por un prazo de dez (10) días contados a partir do seguinte á data de publicación. Durante este prazo, os interesados poderán formular as alegacións que consideren pertinentes nos lugares e formas indicados no artigo 7.

3. Se algún dos candidatos propostos tiver a intención de non aceptar a adxudicación da bolsa, deberá comunicalo expresamente dentro do prazo de alegacións e proporase o seguinte con maior puntuación; ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao situado a continuación, e así sucesivamente ata a súa cobertura.

4. Logo de rematar o prazo de alegacións e examinadas estas, se as houber, formularase a proposta de resolución definitiva.

Artigo 17. *Resolución*

1. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de catro (4) meses, contados a partir da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. De non se resolver neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. A persoa titular do órgano instrutor elevaralle á persoa que dirixe a Secretaría Xeral de Política Lingüística a proposta de resolución definitiva.

3. Con base na proposta de resolución definitiva, a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística ditará resolución pola que se adxudican as bolsas de formación nos



lectorados de lingua, literatura e cultura galegas convocadas por medio desta orde. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, exporase na web institucional da Secretaría Xeral de Política Lingüística e notificaráselles ás correspondentes universidades de destino.

4. No caso de funcionarios en servizo activo, a adxudicación da bolsa dependerá de que obteñan o pase á situación administrativa correspondente, xa que é incompatible co desempeño dun posto de traballo na Administración pública.

5. Para os efectos do estipulado nos artigos 19 e 20 e para cada destino ofertado, integrarán unha listaxe de suplentes aquelas solicitudes que, respectando a orde de prelación por puntuación, estean situadas a continuación da persoa adxudicataria e, como mínimo, acaden unha puntuación total igual a 5.

6. Non se adxudicarán as bolsas daqueles destinos que non contén, no momento de ditar a resolución, co correspondente convenio de colaboración asinado entre a extinta Consellería de Cultura e Turismo e a respectiva universidade. Non obstante, poderá demostrarse esta adxudicación se existe a certeza de que o convenio será subscrito dentro dos dous meses seguintes á adxudicación das restantes bolsas.

7. A concesión e a percepción da bolsa non implica ningún tipo de relación laboral, ou de natureza similar, entre a Xunta de Galicia e as persoas beneficiarias.

8. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 18. *Obrigas dos beneficiarios*

As persoas adxudicatarias quedan obrigadas a:

a) Acreditar que superaron o Curso de Formación de Profesores de Galego ou, no seu defecto, comprometerse a asistir e superar o devandito curso na edición que lles indique a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Non cumprir co previsto neste punto dará lugar á aplicación do estipulado no artigo 20.

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



b) Comunicarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística o desenvolvemento de actividades alleas ao obxecto desta convocatoria que poidan influír ou comprometer a súa actuación.

c) Reintegrar os importes das bolsas indebidamente percibidos.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Obter, se é o caso, os permisos pertinentes para unha estadía legal no país de destino, para o cal deben realizar os trámites oportunos e asumir os gastos correspondentes.

f) Asistir ás actividades de formación a que sexan convocadas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

g) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

As persoas adxudicatarias destinadas en universidades estranxeiras situadas en cidades nas que haxa centros do Instituto Cervantes poderán desenvolver cursos de lingua e cultura galegas neses centros, baixo a supervisión e coordinación destes, así como colaborar noutras actividades conxuntas a prol da promoción da lingua e da cultura galegas.

Artigo 19. *Substitucións*

1. Se, unha vez adxudicadas as bolsas, algún dos beneficiarios renunciase, aplicarase, para a súa cobertura provisional, o procedemento descrito no artigo 16.3 sobre a listaxe de suplentes a que fai referencia o artigo 17.5. Estas bolsas serán incluídas na seguinte convocatoria para a súa adxudicación mediante concurso público de méritos.

2. Cando sexa necesaria a substitución temporal do bolseiro titular empregarase tamén o procedemento descrito no punto anterior. Esta substitución abranguerá o período que dure a causa que a orixina.



Artigo 20. *Revogación e suspensión*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, logo da instrución do correspondente procedemento, poderá revogar a concesión da bolsa, ou suspendela temporalmente, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Evolución negativa ou pouco satisfactoria na súa formación e no aproveitamento das experiencias e prácticas realizadas no lectorado.
- b) Incumprimento total ou parcial do disposto no artigo 5 desta orde.
- c) Notoria falta de actitude no desenvolvemento das actividades previstas no artigo 5.
- d) Non axustarse, no exercicio das súas actividades, ás vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega.
- e) Coñecemento sobrevido de circunstancias invalidantes para a adxudicación da bolsa.
- f) Perda de vixencia do convenio asinado coa universidade de destino.
- g) Calquera actuación que afecte ao correcto funcionamento do lectorado.

Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos na-



cional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 22. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Artigo 23. Réxime xurídico

O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG núm. 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007;

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE núm. 276, do 18 de novembro), xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

Artigo 24. *Recursos*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 a 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única

Deléganse expresamente na persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística as facultades de resolución que se deriven da aplicación dos artigos 14, 16 e 17 desta orde, con base no establecido na disposición adicional primeira da Orde do 21 de marzo de 2019 de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como a resolución dos recursos de reposición que, se é o caso, se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas, conforme o disposto no seu artigo 3, alínea c).

Disposición derradeira primeira

A persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONVOCATORIA DE LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS	PL500E	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
NACIONALIDADE	DATA DE NACEMENTO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE			
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.			
☐ Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.			
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).			
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.
PARROQUIA	LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

UNIVERSIDADES QUE SOLICITA (relacionar por orde de preferencia)	
1º	
2º	
3º	

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e se compromete a manter o cumprimento das citadas obrigas durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobramento da axuda.

7. Que en relación coa condición de persoal funcionario:

☐ Non ten a condición de persoal funcionario.

☐ Ten a condición de persoal funcionario e:

☐ Non está en servizo activo.

☐ Está en servizo activo e pertence ao corpo

Non obstante, comprométese a solicitar o pase á correspondente situación administrativa, no caso de ser seleccionada.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Documento acreditativo da identidade (no caso de persoas solicitantes estranxeiras)

☐ Currículo

☐ Xustificantes dos méritos alegados no currículo

☐ Para cada destino solicitado, proxecto didáctico de docencia en prácticas

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Copia da titulación universitaria (no caso de titulacións de universidades estranxeiras)			
☐ En relación coa titulación exixida, copia da certificación académica persoal, con expresión da nota media do expediente académico ou acreditación de que foi solicitada			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
Título/s universitario/s de titulacións expedidas por universidades españolas	☐

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral de Política Lingüística.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Se é o caso, o consentimento da persoa interesada.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020 (código de procedemento PL500E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

Xacobeo 2021

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

Méritos	Puntuacións
1. Formación:	Máximo 12 puntos
1.1. Polo título de doutor:	1 punto
1.2. Por cada licenciatura ou titulación de grao a maiores da exixida 0,5 puntos:	Ata 2 puntos
1.3. Expediente académico: Valorarase segundo a nota media calculada en función do disposto na resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG núm. 188, do 30 de setembro) e acreditarase mediante certificación académica persoal. A puntuación así obtida tomarase, con dous decimais, pola metade do seu valor.	Ata 5 puntos
1.4. Asistencia a cursos de formación didáctica no ensino de linguas ¹ :	Ata 2 puntos
1.4.1. Ata 25 horas	0,25 puntos
1.4.2. De 26 a 50 horas	0,50 puntos
1.4.3. De 51 a 100 horas	0,75 puntos
1.4.4. Máis de 100 horas	1,00 puntos
1.5. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas ² :	Ata 2 puntos
1.5.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
1.5.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
1.5.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
1.5.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos
2. Actividade docente e/ou divulgativa e publicacións:	Máximo 7 puntos
2.1. Impartición de cursos, seminarios, relatorios, etc., relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas:	Ata 2 puntos
2.1.1. De 0 a 10 horas	0,05 puntos
2.1.2. De 11 a 25 horas	0,10 puntos
2.1.3. De 26 a 50 horas	0,15 puntos
2.1.4. De 51 a 100 horas	0,20 puntos
2.1.5. Máis de 100 horas	0,25 puntos
2.2. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas (dirección e/ou coordinación): Cando estas actividades fosen realizadas en universidades de fóra de Galicia valoraranse exclusivamente no punto 3.1.	Ata 1 punto
2.2.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
2.2.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
2.2.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
2.2.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos

CVE-DOG: b6jnu7r1-wmp6-dtm7-dhp6-hzc8up1nmhi9



Méritos	Puntuacións
2.3. Publicacións relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas: No caso de autoría múltiple, a puntuación que se outorgará será a resultante de dividir os puntos correspondentes entre o número de autores. Acreditaranse mediante orixinais ou copias simples en que consten o ISBN, ISSN ou depósito legal, segundo corresponda, e o índice. (Non se valorarán as publicacións que non o consignen).	Ata 2 puntos
2.3.1. Libros:	
2.3.1.1. Non especializado	0,50 puntos
2.3.1.2. Especializado	1,00 puntos
2.3.2. Relatorios, artigos, recensións, etc.:	
2.3.2.1. Non especializado ou publicacións de curta extensión	0,10 puntos
2.3.2.2. Especializado	0,20 puntos
2.3.3. Material audiovisual:	
2.3.3.1. Non especializado	0,10 puntos
2.3.3.2. Especializado	0,20 puntos
2.4. Docencia no ensino regrado de lingua, literatura e cultura galegas: Valorarase con 0,05 puntos por cada mes ou fracción inferior.	Ata 2 puntos
3. Dinamización e coñecementos:	Máximo 4 puntos
3.1. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, en universidades de fóra de Galicia (dirección e/ou coordinación):	Ata 1 punto
3.1.1. Ata 25 horas	0,20 puntos
3.1.2. De 26 a 50 horas	0,40 puntos
3.1.3. De 51 a 100 horas	0,60 puntos
3.1.4. Máis de 100 horas	0,80 puntos
3.2. Coñecemento da comunidade autónoma ou do país no que se encontre a universidade solicitada, e da súa situación sociocultural (acreditación exclusiva mediante residencia):	Ata 1 punto
3.3. Nivel de coñecemento do idioma ou idiomas propios do país de destino (distintos ao galego ou castelán):	Ata 2 puntos
3.3.1. MCERL A2/ALTE 1	0,25 puntos
3.3.2. MCERL B1/ALTE 2	0,50 puntos
3.3.3. MCERL B2/ALTE 3	0,75 puntos
3.3.4. MCERL C1/ALTE 4	1,00 puntos
3.3.5. MCERL C2/ALTE 5/licenciatura/grao	1,25 puntos
3.3.6. Outros (ensino non regrado, residencia no país máis de 3 meses seguidos, etc.)	0,15 puntos



Méritos	Puntuacións
4. Adecuación do currículo presentado ao perfil formativo do destino solicitado:	Máximo 3 puntos
5. Exposición e defensa ante a Comisión de Valoración do proxecto didáctico de docencia en prácticas, investigador e difusor da lingua, a literatura e a cultura galegas que se desenvolverá na universidade solicitada: Valorarase tendo en conta os seguintes criterios: • Destino (ata 1 punto): – Motivación pola que o solicita. – Coñecementos sobre a universidade solicitada. – Coñecementos sobre a actividade do seu centro de estudos galegos (CEG). – Coñecementos sobre o país ou comunidade autónoma en que se localiza o CEG. • Deseño do proxecto docente (ata 3 puntos): – Deseño e estruturación. – Coñecementos e fundamentación teórica. – Deseño de actividades. – Aplicabilidade do proxecto. – Bibliografía. • Coñecementos e habilidades xerais (ata 1 punto): – Coñecementos técnicos, didácticos e pedagóxicos. – Coñecementos sobre a regulación do ensino da lingua galega e sobre a acreditación do nivel de competencia en lingua galega (Celga). – Filosofía e metodoloxía de traballo na aula. – Competencias persoais, capacidade de razoamento e de resolución de problemas. – Habilidades comunicativas. – Empatía, interacción e sociabilidade. – Seguridade na exposición dos conceptos que defende. – Aptitude e actitude persoal para a realización das actividades. – Motivación profesional. – Outros aspectos (dominio de idioma, etc).	Máximo 5 puntos

¹Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas ou aqueles que non acrediten as horas.

²Non se valorarán as actividades de menos de 10 horas ou aquelas que non acrediten as horas.

MCERL: Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas.

ALTE: Asociación de Avaliadores de Linguas Europeas.

